

Festas do Mar de Malpica

Iker Cotón

Se hai algo polo que destaca a vila de Malpica, é a súa conexión co mar. Quizais sexa por iso que a vila costeira da comarca de Bergantiños celebra durante os últimos días de agosto as súas Festas do Mar. Estas celebracións nacen -ao igual que moitas festividades mariñeiras- da devoción á Virxe do Carme, a protectora dos mariñeiros e da xente do mar. Milleiros de persoas danse cita en Malpica para gozar dunha celebración imprescindible na axenda festiva dos bergantiñáns.

A concelleira de Cultura e Patrimonio, Noelia Freijeiro, destaca esta relación da vila co mar: "O sector do mar é un dos sectores máis importantes de Malpica, sobre todo da vila, pero tamén das parroquias. Malpica foi un dos portos máis importantes de Galicia". O certo é que esta localidade costeira ten unha longa historia como porto, especialmente ligada á caza da balea.

Malpica de Bergantiños celebra as súas Festas do Mar do 20 ao 23 de agosto, con catro xornadas nas que a tradición mariñeira vai da man man coa música e o clima de celebración. Os malpicáns toman as rúas durante catro días, este ambiente festivo é un dos reclamos das festas que destaca Noelia Freijeiro: "Xa sabemos que a xente de Malpica somos moi festeiros, e hai actividades para todas as idades".

O pistoletazo de saída a estas festas deuse onte, xoves 20, no travellito do peirao de Malpica. La Bamba continuou coa música da noite, antes de que DJ Roy puxese a vila a bailar cos

Malpica mergúllase nas súas Festas do Mar 2026

A vila mariñeira de Bergantiños celebra do 20 ao 23 de agosto as súas Festas do Mar, con música e actividades para todas as idades

PABLO VERDES



Embarcacións decorada para a procesión marítima.

mellores éxitos do verán e unha gran selección de clásicos.

As xornadas festivas continúan hoxe e desenvolveranse durante toda a

fin de semana. O pasarrúas da A.C. Malante inaugurará a sesión de hoxe, venres 21. A continuación, terá lugar a sesión vermú do Dúo Venegay e, xa

pola noite, a verbena estará amenizada por Los Platinos, seguida da sesión de DJs con Sara Pose e L. Macaro. O sábado 22 repetirase o pasarrúas da

A.C. Malante, con Judith de Cundíns na sesión vermú, Grupo Alkar na verbena e a festa continuará coa Disco-móvil CDC pola noite.

Última xornada

O domingo, derradeiro día das celebracións, contará novamente co pasarrúas da A.C. Malante. Ás 12:30 horas celebrarase a misa solemne, mentres que a sesión vermú correrá a cargo de Laura Añón, Eric Hidalgo e J.J. Compota. O momento central das festas chegará ás 17:30 horas, coa tradicional procesión marítima da Virxe do Carme, na que a imaxe percorrerá a costa acompañada polas embarcacións engalanadas.

Á marxe destas festas, Malpica segue a ser un fantástico destino turístico para visitar durante o resto do ano. Noelia Freijeiro destaca "a beleza das praias salvaxes que temos, ademais da nosa paisaxe fermosísima".

Unha das actividades que calquera visitante pode facer na vila durante todo o ano é a ruta que segue os pasos de Urbano Lúgrís, pintor surrealista do século pasado que estableceu unha relación moi especial coa vila de Malpica. Mediante varios códigos QR repartidos pola localidade, os visitantes poden descubrir a pegada desta fermosa vila na obra de Lúgrís, ademais de percorrera pasando por algúns dos seus recunchos máis fermosos.

As obras que este pintor lle dedicou aos pescadores de Malpica atópanse expostas na Casa do Pescador, un edificio no que a decoración corre a cargo do propio Urbano Lúgrís. ■



Festas do Mar

Do 20 ao 23 de agosto

É unha inmensa alegría e satisfacción dirixirme a toda a veciñanza e visitantes, con motivo da celebración das nosas emblemáticas **Festas do Mar**. Cada ano, esta data tan sinalada convértese nun espazo de encontro no que a nosa tradición mariñeira, a cultura e a convivencia enchen de vida as rúas de Malpica. Quero expresar o meu máis sincero recoñecemento e gratitude a todas as persoas e entidades cuxo traballo e dedicación fan posible a organización destes festexos, consolidándoos como un motivo de orgullo para o noso concello. Anímovos a participar e a gozar destas xornadas con responsabilidade, ledicia e en compañía das vosas familias e amizades. **Felices Festas do Mar!**

Eduardo J. Parga Veiga, Alcalde de Malpica de Bergantiños



SERVICIOS DE LIMPIEZA

- Limpieza de comunidades
- Limpieza de oficinas
- Limpieza de cristales

Teléfono: 639 884 163
servicios@proficlean.es